



ACUÑA TRABAZO, Ana y GARROSA GUDE, José Luis. “Os nomes dos animais, das doenzas e doutros elementos relacionados coas crenzas en Galicia: estudo comparativo”. *Culturas Populares. Revista Electrónica 2* (mayo-agosto 2006), 21 pp.

<http://www.culturaspopulares.org/textos2/articulos/acunagarrosa.pdf>

ISSN: 1886-5623

OS NOMES DOS ANIMAIS, DAS DOENZAS E DOUTROS ELEMENTOS RELACIONADOS COAS CRENZAS EN GALICIA: ESTUDO COMPARATIVO *

ANA ACUÑA TRABAZO E JOSÉ LUIS GARROSA GUDE

Resumo

Neste traballo exemplifícase a importancia dos textos de literatura de tradición oral e dos xogos populares para a explicación dos nomes dos animais, dos fenómenos atmosféricos e das doenzas.

Palabras clave

Léxico. Nomes de animais, de fenómenos atmosféricos e de doenzas. Ensalmos. Esconxuros. Recitados infantís. Crenzas. Literatura popular.

Resumen

En este trabajo se ejemplifica la importancia de los textos de literatura de tradición oral y de los juegos populares para la explicación de los nombres de los animales, de los fenómenos atmosféricos y de las enfermedades.

Palabras clave

Léxico. Nombres de animales, de fenómenos atmosféricos y de enfermedades. Ensalmos. Conjuros. Recitados infantiles. Creencias. Literatura popular.

Abstract

This paper gives examples of the importance of oral literature and traditional games in the study and explanation of the meaning and origin of the names of animals, atmospheric phenomena and illnesses.

Key words

Lexis. Vocabulary related to animals, atmospheric phenomena and illnesses. Charms. Spells. Children's rhymes. Folk literature.

Neste artigo centrarémonos nas denominacións tradicionais dos animais, dos fenómenos atmosféricos e das doenzas en Galicia co fin de relacionar ese léxico patrimonial coas crenzas da cultura popular. Dado que os nomes se inclúen dentro de

* O presente traballo é unha versión revisada e corrixida dun estudo anterior (Acuña e Garrosa 2001: 7-23). Adaptamos a lingua ás novas normas ortográficas (agás nos textos folclóricos onde conservamos as grafías utilizadas polos diferentes autores).

mostras de literatura de tradición oral (ensalmos, recitados ou formulíñas infantís, refráns...)¹ trataremos de dar resposta a algunhas cuestións rechamantes suscitadas neses textos. Pretendemos, en último termo, mostrar a necesidade, para a comprensión do léxico analizado, da cooperación entre disciplinas tan dispares coma a etnoloxía, a socioloxía, o folclore ou a psicoloxía (Montero Cartelle 1981: 261).

1. DO NOME DOS ANIMAIS

Os nomes son testemuño da historia social e cultural do home que nomea e expresan, por tanto, a realidade sociocultural. A designación dos animais non é soamente a suma de historias físicas senón tamén a suma de historias espirituais. Por iso os nomes son fósiles que testemuñan a existencia de prácticas relixiosas pagás desaparecidas e das que quedan vestixios nos textos literarios nos que aparecen estes nomes.

Como mostra analizaremos dous animais considerados como “animais queridos” e outros dous como “animais temidos”.

1.1. Animais queridos:

Coccinella septempunctata:

Entre o material recompilado por nós nas catro provincias galegas, destacariamos as seguintes denominacións: *voaniña* (Marín), *xoaniña*, *mariquiña*, *ghaliña de Dios* (Cangas), *Santa Teresiña*, *doaniña* (Cerdedo), *xoaniña* (Cabral), *buxaniña* (O Rosal), *xoaniño* (Ramirás, Gomesende), *mariquita de Dios* e *meniña de Dios* (Viana do Bolo).

Estes nomes explícanse por crenzas populares que suscitaron comportamentos infantís e formulíñas (Alinei e Barros 1986). Así, a denominación *voaniña* fai referencia, como xa sinalara F. Bouza, ao acto de voar. Acrecentóuselle un sufixo

¹ Este traballo, baseado nas recollas orais realizadas desde o ano 1994 nas catro provincias galegas, foi posible grazas á colaboración e xenerosidade de: Xurxo Sierra, Josefa Veloso e Perfecto Sierra (Ramirás, Gomesende), Sara Gregorio e familia (Viana do Bolo) en Ourense; Carme Lamela (Antas de Ulla), Carmen Carpintero, Mercedes Gandoy, Julia e Sara Gude, Florencio San Gregorio e M^a Asunción Vieito (O Corgo), en Lugo, sempre coa axuda de Alberto Garrosa; Anxos Sobrino e familia (O Rosal), Patricia Puente, Alfonso Puente e Marisa Veiga (Cabral), Victoria del Río e María Trabazo (Marín) e Calros Solla (Cerdedo) na provincia de Pontevedra e G. Rei e familia na provincia da Coruña. A todos eles o noso agradecemento.

diminutivo cariñoso dada a personalidade da *voaniña* como animal doador (repárese logo nas formulíñas infantís).

En *xoaniña* ou *mariquiña de Dios* e en *Santa Teresiña*, diminutivos de María, Xoán e Teresa, maniféstase a identificación da *coccinella* coa Virxe María e coa esfera do sacro.

Ghaliña de Dios é un nome composto. O primeiro termo desta denominación é común a outras zonas de Europa (quizais a máis común sexa *vaquiña*) e pode deberse ao feito de que a *coccinella* e a galiña son animais voadores e benéficos. Tanto V. Risco como F. Bouza recolleron nos seus estudos un nome que podería estar relacionado con *ghaliña* como é *pitasol* (posible redución de *pita do sol*). En canto ao segundo termo da denominación, *de Dios*, é a miúdo substituído por *Señor* ou por outra persoa do ceo.

Doaniña pode ter que ver co carácter doador da *coccinella* (véxase a análise das fórmulas), aínda que tamén pode ser deformación de *voaniña* tendo en conta a deturpación habitual dentro da linguaxe infantil.

Todas estas denominacións aparecen integradas nunha serie de formulíñas infantís recitadas para que o animalíño realice algunha actividade.

Voa, voa, voaniña
que che dou pan e sardiña,
a sardiña está no mar
e o pan no altar. (Marín)

Se nos detemos nesta formulíña podemos comprobar os esquemas de V. Propp sobre o conto: a *voaniña* é chamada polo seu nome, invitada a voar para ir a un lugar máxico ou preto dunha entidade máxica onde cumprirá un mandado (recompensa ou castigo).

Analizando desde esta perspectiva os nomes da *coccinella*, pódense identificar innumerables variantes do doador, do regalo, do animal, do asistente, do destino da viaxe, etc. Compárese con estas formulíñas recollidas en Cabral nas que a *xoaniña* parece que perdeu o seu carácter de animal doador para converterse en receptor:

Xoaniña, voa, voa
que teu pai vai en Lisboa
e a túa nai no Porriño
e cando veña tráeches un boliño.

Xoaniña, voa, voa
que teu pai vai en Lisboa
e túa nai coas vacas
e tráeches unhas poucas papas.

As referencias ao pai e á nai do animalíño son habituais (péñtese nas denominacións parentelares que sofren moitos outros animais como a donicela, o raposo, o lobo...), aínda que, inicialmente, sería a *xoaniña* a encargada de ir a Lisboa segundo manifestan estoutras formulíñas de orixe portuguesa (Maças 1951: 322) e galega (Bouza Brey 1948: 387):

Joaninha, voa, voa, leva as cartas a Liboa se passares pela minha porta darei-te pão e cebola.	Xoaniña, voa, voa leva as cartas a Lisboa e cando volvas dareiche pan e cebola.
---	--

En dous concellos de Ourense a *coccinella* presenta un nome masculino: *xoaniño*. Resulta rara esta denominación xa que os nomes masculinos² máis comúns son *rei rei*, *deviñón*, *sabiñón*, *bichiño de Deus*, *cuquiño de Deus*, *pitasol* ou *papasol*.

No recitado infantil o *xoaniño* é, de novo, receptor:

Xoaniño, voa, voa que o teu pai foi a unha voda /a Lisboa e hache traer unha camisa moi boa.	Xoaniño, voa, voa que che hei traer uns zapatos de cebola ³ para a túa voda. (Ramirás, Gomesende)
---	---

No Rosal (Pontevedra) o nome da *coccinella* é *buxaniña*, quizais por un cruzamento entre o substantivo *xoaniña* e o verbo *voar*⁴. Velaí a canciónciña, moi reducida, na que aparece:

Buxaniña, voa, voa
que teu pai vai en Lisboa.

Nas formulíñas onde a *coccinella* se denomina *Teresiña* ou *ghaliña de Dios*, esta é solicitada para contar os dedos ou para voar. Os nomes e as súas canciónciñas correspondentes xa foron analizados por nós noutro lugar (Acuña 1999), polo que non

² Bouza Brey (1948: 385) recolle o nome *Xoan* e explica o por influencia dunha cantiga na que aparece este aplicado a unha persoa (aplicaríase orixinariamente ao animalíño?). Tamén Pires de Lima (1947) anota a vinculación entre unha composición poética popular e un recitado infantil para a *xoaniña/xoaniño*. Riera (1950: 621) recolle o diminutivo *xoanín* na provincia de Ourense.

³ Repárese no material do que están feitos os zapatos do *xoaniño* e compárese con Bouza (1948: 389).

⁴ Existe tamén o nome de *bixuaniña* recollido por Fernández Costas (1952: 672) e mais *buvaiña* anotados por Riera (1950: 621) no Porriño.

nos deteremos neles. Só diremos que a *voaniña* pode adiviñar o tempo e o casamento (encargos estes que se lle solicitan máis veces ao cuco).

No concello do Corgo (Lugo) a *coccinella* recibe os nomes de *papasol* ou *catasol* e recítaselle:

Papasol/catasol, papasol/catasol,
dille a teu pai
se mañá vai sol ou non.

A denominación de *papasol* ou *catasol* remítenos a outra habitual nalgúns países de Europa: *come sol*. Todas elas recordan a asociación iconográfica exipcia do escaravello esterqueiro que ten o sol entre as súas patas. Ademais, permítenos pensar que a *coccinella* en Europa debeu ser obxecto dun culto totémico moi diverso, de aí o comportamento tabuístico cara a ela ao ser considerada animal-relixioso, ser sobrenatural e capaz de predicir o futuro.

O *pai* do *papasol* podería ser Deus ou outro *papasol* considerado xefe ou rei (pénsese no grilo-rei, por exemplo). O nome de parentesco é utilizado para designar animais non domésticos (sobre todo os perigosos ou daniños: oso, raposo, serpe, sapo, lobo...) e así conseguir a súa amizade colocando o animal no centro do universo como antepasado e parente próximo, como creador do mundo, como demiúrgo, como protector do individuo e do clan, ou como dominador dos elementos (Alinei 1983).

Mantis relixiosa:

Este animalíño, segundo F. Bouza, segue en popularidade á *coccinella*. Un dos primeiros en estudar os seus nomes en Galicia coas correspondentes formulíñas infantís foi Risco (1947: 161-188). Nos recitados interprétase a forma adoptada pola *mantis* de xeito pagán, é dicir, poñendo a mesa.

Temos recollido varios nomes na provincia de Pontevedra: *Teresa* (Marín e O Rosal), *pide perdón* e *pepitos* (Cangas). Na provincia de Lugo (O Corgo) a denominación atopada é *cabra* e na de Ourense (Viana do Bolo) *Santa Teresa*. Dado que os resultados de Cangas xa os estudamos noutro lugar (Acuña 1999), centrarémonos nos recollidos en Marín e O Rosal, O Corgo e Viana do Bolo.

O nome *Teresa* pervive hoxe no concello de Marín totalmente desmotivado, de feito coñécese un resto da formulíña infantil sen que se teña conciencia do animal referido.

–Eí vén Teresa.

–Teresa pon a mesa.

–Pona ti que eu vou de présa. (Marín)

No Rosal e en Viana do Bolo si hai conciencia da relación:

–Teresa, cruza los brazos Teresa.

–Teresa, Teresa, cruza los brazos en la mesa. (O Rosal)

–Santa Teresa pon la mesa. (Viana do Bolo)

No concello do Corgo (Lugo) recolleuse a denominación *cabra* para un saltón grande que supoñemos ser a *mantis*. O nome deberíase ao feitío do animal que, por outra banda, sería benefactor e axudante e tería poder adiviñatorio. Repárese na cancionciña que se lle recitaba:

Dinos onde van as ovellas,
porque se non, cortámosche as orellas.

É habitual que os animalíños sufran unha serie longa de ameazas. Así ocorre, por exemplo, no caso do grilo, o lagarto, o caracol... e que, por falta de tempo, deixamos para outra ocasión.

De todo o analizado ata agora, podemos entender que a *mantis* e a *coccinella* deberon ser obxecto dun culto totémico (semellante ao escaravello entre os exipcios) nunha época precristiá e que logo sufriron un importante proceso de cristianización ou musulmanización nas súas denominacións⁵.

A través dos exemplos literarios dedúcese que o mito nace e que se transforma perdendo o seu significado sacro, pero antes de morrer deixa un sinal que perdura na vida familiar e cotiá, isto é, no folclore infantil.

1.2. Animais temidos

⁵ É o que ocorre co “arco da vella”, por exemplo.

Falaremos neste epígrafe doutros dous animais: a garduña (*Buteo buteo*) e a donicela (*Mustela nivalis*). As súas denominacións tabuísticas estarán relacionadas co temor que estes animais causan na poboación.

Buteo buteo:

Se antes mencionamos o trasvasamento de poderes entre os animais (a propósito do cuco e da *coccinella*), agora debemos citar o trasvasamento de denominacións (Riegler 1981). Así, en Marín denomínase *gharduña*⁶ a unha ave que podemos identificar co miñado e que, segundo os dicionarios galegos, se corresponde cun mamífero: a marta (Rodríguez González 1958).

O nome de *gharduña* para tal ave, maior ca unha pomba e menor ca a aguiá, parece deberse ao seu carácter de ladra. Co fin de axotala recítaselle:

Gharduña,
arría o pito da uña. (Marín)

No Corgo o miñado recibe a denominación de *miato*, sen ningún substituto noa nin expresivo (Alonso Montero 1977), simplemente coa perda do ñ⁷. Para escorrentala, bérraselle:

Queima, queima!⁸

Ou ben se lle recita:

–Miato, miato,
que levas no papo?
–As chaves do rei.
–Cálate, cálate,
que eu llo direi.

⁶ O profesor Alonso Montero recolleu a denominación de *garduña* para o raposo.

⁷ A perda do ñ tamén ocorre no caso de *mioca* por miñoca.

⁸ Probablemente este verbo formaría parte dun texto máis amplo se se compara con aqueles recitados nos que se alcuma o animal como *rabo queimado*. Véxase, entre outros, Fernández Costas (1952), Lence Santar (2000), Otero (1977) ou Tobío Campos (1985).

Aplícaselle parecida cancionciña á gaivota ou ao corvo, animais tamén roubadores de pitos. Neste caso (Rielo Carballo 1976: 1342) a cancionciña é máis ampla e permite entender mellor a nosa do *miato*:

–Corvo queimado,
Que levas no rabo?
–Leite mazado⁹.
–Quén cho mazou?
–A Marica do Coucú¹⁰.
–Con qué lle diches?
–Coa chave do rei.
–Deixa, deixa,
que xa llo diréi. (Carballedo)

ou

–Gaivota, gaivota,
que levas na bota?
–Leite callado.
Quen cho callou?
–A filla do rei.
–Cálate, cálate!
Que xa llo direi,
que lle roubaches
as chaves ó Rei. (Corme¹¹)

Tamén existe un xogo¹² infantil chamado *o miñato* no que un neno encarna a ave e, na vez de roubar, recibe diferentes alimentos (entre eles os que recibe a *coccinella* e que resulta ser outro personaxe do xogo). Zelenin (1988: 196) sinalou como “alcuni scongiuri infantili, già trasformati in giochi”. De feito, en Marín lémbrese unha canción para xogar á corda que, antigamente, debeu ser un recitada para un animal:

Rei, rei, cantos anos vivirei?

⁹ Noutros casos a ave leva sardiñas asadas, aceite..., produtos todos eles básicos para a alimentación tradicional galega.

¹⁰ En Marín mantense desmotivado o pareado: “Rapaciña do Coucou / foi polo río e non se mollou”.

¹¹ Segundo Fernández Oxea (1951), esta cancionciña recitaríase cando chove.

Vintecinco, non o sei. Un, dous, tres...

Lendo estes textos xórdennos moitas preguntas sobre esa *María do Coucou*, sobre as *chaves do rei*... Preguntas que podemos dilucidar comparando co folclore paneuropeo. O “rei” ou “María” poderían ser Deus ou a nai de Deus. Daquela, as chaves do rei (Backman 1988: 340) serían as chaves do paraíso que tamén aparecen en recitados estranxeiros da *coccinella*¹³.

Mustela nivalis:

Este animalíño, obxecto de numerosos traballos¹⁴, recibe diferentes denominacións expresivas e cantigas para atraela e gañar os seus favores ou para escorrentala. Vexamos: *bonitiña* (Marín), *dunicela* (Cerdedo), *doniña* (O Rosal), *donicela* (Antas de Ulla), *dunicela*, *durnicela*, *gunicela* (O Corgo), *guniceliña* (Baralla), *dona das paredes* (Viana do Bolo).

Imos centrarnos nas recollidas no concello do Corgo e Baralla por iren ligadas a fórmulas de esconxuro:

Gunicela, gunicela,
caga na cancela.

Durnicela, pataqueira, cagarrosa,
mal peinada, mal lavada.

Gunicela/dunicela,
leiteira, leiteira!

Guniceliña, guniceliña,
bonitiña, bonitiña,
ben peinadiña, ben lavadiña.

Os apelativos máis comúns perseguen o insulto mediante a negación da beleza da donicela. Esa negación faise recorrendo á mención dos excrementos (*cagarrosa*) e da sucidade da terra ou dela mesma (*pataqueira*). O nome *leiteira* foi tamén incluído polo profesor X. Alonso Montero entre a lista dos nomes noa da cobra. É xa tópico cultural que ás cobras lles guste o leite ata o punto de mamaren das vacas e das

¹² Cómpre chamar a atención para o estudo dos xogos populares xa que, en ocasións, explican as relacións e as derivacións entre os distintos xéneros da literatura popular. Por outra parte, os xogos permiten interpretar a nosa realidade.

¹³ Aínda cabería indicar que as chaves e a *coccinella* se relacionan coa función reprodutiva (Caprini 1989: 8).

¹⁴ Entre outros, Alinei (1986), Alonso Montero (1977), Menéndez Pidal (1986¹⁰), Rohlf (1966).

mulleres lactantes (unha afección común a outros seres malignos, por exemplo, as bruxas).

Actualmente o nome *donicela* está desmotivado e perdeuse a identificación cunha *dona*. Esta perda de conciencia etimolóxica amósase nas numerosas deturpacións que sofre o nome, así o *r* epentético nunha das formas (*durnicela*), ou as diferentes variedades con *g* inicial en troques do *d* patrimonial (*gunicela*), ademais da vogal *u* en tódalas formas, por harmonización vocálica.

Aínda temos recitados para outros animais perigosos e queridos (lagarto, caracol, grilo...) que nos ofrecen mostras de totemismo parentelar. Pero queríamos concluír este apartado citando a representación do espírito da vexetación a través dun animal, quizais porque nel se refuxia o espírito vivificador que cómpre posuír.

1.3. Animal vexetal

O derradeiro feixe dunha colleita adoita ter en Galicia nome de animal: *grilo* (denominación estudada por F. Bouza) ou *raposa*¹⁵ (recollida no Corgo). Por outra banda, García (1985) compilou os nomes de *cabaleiros* ou de *cabra* para designar as herbas que quedan sen segar e que manterían o espírito da colleita¹⁶.

2. DO NOME DOS FENÓMENOS ATMOSFÉRICOS

Numerosos investigadores¹⁷ sinalaron a relación entre os animais e os fenómenos atmosféricos (caso da raposa que se relaciona coa choiva, da cabra ou do gato). Trátase dun proceso de zoomorfización dun fenómeno da natureza particularmente temible, de aí a transformación en animal e logo en humano.

Os *cabaleiros*¹⁸ (da choiva) –como xa indicamos noutro lugar– son un exemplo de humanización dun fenómeno atmosférico que seguramente pasou por unha fase previa na que ese fenómeno se designou por un animal terrestre (o cabalo) proxectado, finalmente, no ceo como xigantesca representación de fenómenos atmosféricos.

¹⁵ En concreto, en Franqueán denominaban *raposas* a unha especie de rodas que se facían coas espigas que quedaban nos leiros despois da sega. Xa Rohlfs (1966: 123, 131-132) falara da animalización en forma de “cabra” e da antropomorfización en “vella” entre diferentes pobos de Europa.

¹⁶ Segundo Peuckert (1983) a raposa, como demo do gran, era recoñecida non só entre os romanos.

¹⁷ Beccaria (1995) ou Alinei nos seus abundantes artigos.

¹⁸ Nome co que tamén se designa a dor no pescozo, a tortícole.

Correspóndese, no concello de Cerdedo, cun tipo de vento que trae choiva e parece que vén galopando¹⁹.

O *arco da vella* presenta entre os nosos informantes os seguintes nomes inseridos, máis unha vez, en versos infantís:

(B)/Arco da vella, vaite de aí
que veñen os corvos/porcos
a cagar/fosar en ti. (Marín)

Marco da vella, marcha d'aí
que está túa nai berrando por ti
cun claviño espetado nun ghrabullíño
pa te pasar ás puntas do Carballiño²⁰. (Antas de Ulla)

A abundante bibliografía sobre os nomes do *arco da vella* case nos exime de comentarios lingüísticos. Si nos parece de interese comentar a crenza²¹ (aínda viva en Marín) de darlles a volta a tres pedras sen mirar para que desapareza o arco.

A devandita crenza reflíctese, de novo, na literatura oral grazas a Casal y Lois²², Rielo Carballo (1976: 336-337) ou Vázquez Gallego (1989):

Arco da vella,
revírate pedra,
non botes chuvia
nin pingadela. (Cuba, Miranda e Reigosa 1999: 41)

Se ese fenómeno atmosférico aparece humanizado nunha *vella*, o fenómeno dos tronos represéntase no concello de Marín do seguinte xeito tan gráfico: *papá²³ do ceo petando cos zocos²⁴*. Noutros lugares fálase do tronante como *Facundo / que anda coas zocas polo mundo* ou como *unha vella tocando a zanfona* (Fernández Costas 1952: 664).

¹⁹ Solla (2005).

²⁰ Repárese no lugar de expulsión e nas moradas da *vetula*, estudadas xa por Rohlf's (1966: 121-123).

²¹ Amades (1963: 303) sinalou a persistencia entre os pobos cultos de Europa de prácticas pluvioxénicas relacionadas coa pedra: ben amoreándoas, alterándolles a orde ou ben mudándoas de sitio. Por outra parte, o folclore galego recolle a idea de sacrificios naqueles versos nos que se ameaza *o arco da vella para que deixe de amolar as mozas.

²² Ms. inédito, conservado no Museo de Pontevedra.

²³ *Papá* é, tamén, unha das personificacións do medo en Galicia e Portugal (Barros 1989).

²⁴ Nos dialectos de Sardeña os lóstregos exprésanse coa seguinte metáfora *becerro mariño xogando* (Rohlf's 1966: 135-139).

O fenómeno de chover e facer sol asemade, case inexplicable na mentalidade popular, recibe nomes próximos á *vella* (o demo) ou nomes de animais: *estase casando o lobo ca raposa* (Taboada 1978: 149). Repárese nos cantares recollidos por nós:

Cando chove e vai sol
anda o demo por Ferroi
cargadiño de alfileres
para lles picar o cu ás mulleres. (O Corgo)

Vaite chuva, vente sol, polos campos de Ferrol.
Unha vaquiña amarela e un puchiño atrás dela,
e un ghaliño cantador, canta coma un reiseñor. (Marín)

Vese neste último cantar como o fenómeno atmosférico aparece animalizado en gando divino: a *vaquiña amarela* é María e o *puchiño* é Xesús, segundo se deriva dalgún modelo cristián antigo²⁵ no que Xesús é denominado *o fillo da vaca nova* e *María nai do becerro branco*²⁶.

Animalizacións semellantes sófreas o vento a través de bestas que se moven velozmente, como o can ou o cabalo²⁷. Así, en moitos lugares de Galicia fálase do *sol das formigas* cando este non quenta (Cerdedo), da *cadela* como dun vento xeadado (Rivas Quintas 1978), dos *cabalos, ovellas, arañada* como nubes (Cortizo s.d.; García 1985; Rodríguez González 1958) ou da *besta ruza* como a aparición do mal tempo con chuvía e néboa (Fraguas 1965).

Todos estes datos poderían verificarse en numerosos xogos infantís e noutros recitados tanto de literatura oral como escrita (caso de Aquilino Iglesia Alvariño).

3. AS DOENZAS TRADICIONAIS GALEGAS

3.1. Doenzas dos humanos

Colleutizo cabalar

²⁵ No “Abyssinian Organum Mariae” do 1440 que contén un certo tipo de ladaíña para María (Backman 1988: 331).

²⁶ Tamén nos recitados italianos aparece a “Madonna” e “Gesú” (Beccaria 1995: 138)

²⁷ Nos tempos prehistóricos o touro, o xato e a vaca eran seres da tempestade, os lobos relacionábanse coa chuvía e dicíase que cando chovía “os lobos mexaban” (Riegler 1981).

A primeira das doenzas estudadas é o *rastros* ou *colleutizo cabalar*. Consiste nun tipo de grans ou ulceracións da pel que se cren provocadas polos rastros deixados por certos animais. Deseguido ofrecemos a transcripción do esconxuro (repárese en que o texto só menciona o nome *colleutizo cabalar*, mentres que na linguaxe cotiá se adoita mencionalo como *rastros*) recollido por nós en Franqueán, parroquia do Corgo (Garrosa Gude 2000: 54):

Colleutizo cabalar,
tu qué vés aquí buscar?
Cuspe da boca e cinza do lar.
Se eres de cobra, vaite en roda.
Se eres de lagarto, vaite de arrastro²⁸.
Se eres de pinchorra, vaite á madorra.
Se eres de araña, vaite á paraña.
Se eres de sapo, vaite ó burato.
Co favor de Dios e da Virgen María,
un padrenuestro e un avemaría²⁹.

O máis interesante é procedermos a explicar o modificador do substantivo *colleutizo*. O adxectivo *cabalar* pode resultar desconcertante, pois estamos ante unha enfermidade humana e ademais provocada por unha serie de animais salvaxes considerados daniños e sen ningunha relación aparente co cabalo. Non obstante, queremos lembrar que outras enfermidades cutáneas tamén aparecen co mesmo ou parecido modificador. Así, por exemplo, na erisipela aparece a doenza personificada en cabaleiro a cabalo.

Para abundarmos neste vocábulo queremos citar algúns exemplos doutros ámbitos europeos. Así, no primeiro, ofrecemos un esconxuro contra o herpes procedente dos Abruzzos (Masseti 1993: 101 e 85) onde a enfermidade recibe o nome dialectal de *schiaífene*:

Schiaífene cavalline,
vättene a Rapine,

²⁸ Ás veces: “Se eres de lagarto, marcha ó burato”.

da Rapine vattene a Crécchie
schiàfene si sécche.³⁰

Nos dous textos anteriores os adxectivos *cabalar/cavallino* poden facer referencia ao modo de difusión da enfermidade, unha doenza da pel, e xa que logo de extensión galopante. Agora ben, o texto dos Abruzzos conxura o herpes para que percorra un considerable treito e que así morra e seque como consecuencia da viaxe. Polo tanto, tamén poderíamos estar ante o medio de transporte da propia enfermidade, isto é, ante un herpes cabaleiro.

Nalgúns esconxuros medievais alemáns aparecen personaxes dacabalo –divindades pagás coma Phol ou Wodan, na segunda fórmula máxica de Merseburg, Santo Estevo nun ensalmo do século X, ou un home anónimo, nunha oración dos séculos XI-XII (Haug e Wollmann 1991: 152-161)– que se ocupan de curar enfermidades equinas ou sofren as consecuencias das mesmas. O noso esconxuro do *colleutizo cabalar* e, xa que logo, o significado do propio adxectivo poderían estar na mesma liña.

Outro exemplo da presenza de palabras do campo semántico do cabalo aparece nun texto máxico grego do século I a. C. Trátase do “Esconxuro da tesalia Filina contra a dor de cabeza” (Calvo Martínez e Sánchez Romero 1987: 324) e di así segundo a súa tradución castelá:

Huye, dolor de cabeza, huye y desaparece bajo la piedra: huyen los lobos, huyen los solípedos
caballos a golpe de [...].

Como pode observarse, e a pesar de aparecer incompleto, neste caso os cabalos foxen como se quere que escape tamén a dor de cabeza. Podía ser, por tanto, un símbolo do desexo de rápida desaparición da enfermidade, aínda que a presenza dos lobos (antítese do ben por excelencia na meirande parte das culturas que o coñecen) contribúe a aumentar a carga negativa dos cabalos do texto.

²⁹ O equivalente do *colleutizo cabalar* na zona occidental de Galicia é o *aire*. Crese na existencia de moitos animais que despiden eses *aires* maléficos e que se combaten con esconxuros moi semellantes ao anterior.

³⁰ A autora na páxina 115 traduce ao italiano estándar como segue: “Herpes cavallino, / Vattene a Rapino, / da Rapino vattene a Crecchio, / Herpes sei secco”.

Esta última mención dános pé para comentarmos a existencia do lobo en numerosos ensalmos da medicina popular europea. Mesmo na provincia de Pontevedra a erisipela tamén recibe o nome de *fogo lobo* (Acuña 1999: 23-40).

Regresando ao valor simbólico do cabalo, é inevitable lembrar os diferentes exemplos de literatura popular nos que a aparición do équido remite ao trasno³¹. Así mesmo, é preciso recordar aquí que o cabalo é un animal dos considerados *psicopompos*, é dicir condutores de almas, característica que comparte entre outros co can (protagonista recorrente nos relatos populares galegos como sinal de morte e aparición demoníaca).

Finalmente, sinalaremos a presenza do cabalo nun esconxuro (Franqueán) para que levante a néboa:

Vaite de aí niebla,
que vén San Martiño
co seu cabaliño.
Hate matar, hate raxar,
hate tirar de cabeza ó mar.

Neste caso atopamos unha iconografía relixiosa con San Martiño como cabaleiro e que, non obstante, remite a outros heroes cabaleiros da Antigüidade –lémbrense os deuses Wodan e Phol antes citados–, e afunde as súas raíces en vellas formas relixiosas.

Como pode verse, o encargado de recitar a oración establece unha serie de hipóteses que tentan abranguer todas as posibles orixes do mal encarnadas en animais, e o modo de evitalos. Por outra banda, os seres que aparecen no esconxuro son protagonistas activos nas crenzas populares galegas.

Orizós

É este un dos casos máis rechamantes do influxo da semántica nas crenzas populares e, como consecuencia disto, na medicina popular. O termo *orizó* do galego³² e o español *orzuelo*, o francés *orgelet*, o italiano *orzaiolo*, o romanés *urcior*, proceden do

³¹ Ver Pereiro Pérez (1995: 121) ou Llinares (1990).

³² Non consideraremos aquí variantes coma o galego *tirizó* ou o portugués *terçogo*, que remiten a cruzamentos léxicos ou etimoloxías populares difíciles de explicar.

latín *hordeulum*, que significa pequeno gran de cebada (repárese tamén en que mesmo o alemán *Gerstenkorn* significa gran de cebada e orizó). O étimo latino tamén dá en galego o termo orxo, referido xa especificamente a ese cereal.

Como pode comprobarse, estamos ante unha denominación metafórica baseada na semellanza externa de ambos os dous grans. Agora ben, como sinala Coseriu (1985: 71) citando a E. Cassirer, o home é un *animal symbolicum* e esa actividade simbólica é a característica esencial da linguaxe. Ese mesmo funcionamento simbólico e moitas veces subxectivo fai dicir a Coseriu no mesmo traballo (1985: 84):

Tampoco coinciden en cada caso con la realidad histórica las relaciones que el sentimiento lingüístico establece entre los signos del sistema, entendiéndose a menudo varios de ellos como derivados de otros, con los que históricamente nada tienen que ver, y, por consiguiente, como dotados de un valor descriptivo o metafórico que no les correspondería desde el punto de vista etimológico.

E en relación ao problema dos orizós sinala (1985: 85):

En rumano la continuación del lat. *hordeulum*, «orzuelo» ha llegado a la identidad fonética con *urciur*, «jarra» (deriv. de *oal_*, «olla») por lo cual ha surgido la creencia de que romper una jarra produce orzuelo.

O poder evocativo do léxico estimula o nacemento de mitos e crenzas. Obsérvase agora o procedemento para curar os orizós na medicina popular de Franqueán. Buscaban sete pallas de pan con sete nós –algunhas informacións falan de cinco– trezábanas e, ao tempo que as queimaban procurando recibir o fume nos propios orizós, dicían:

Ai de Dios,
que arde a casa de orizós
con sete pallas e sete nós!

Este esconxuro é un bo exemplo do valor simbólico antes explicado. Pretende avisar o orizó do lume que queima a súa casa, e o poder da palabra aparece intensificado cunha posta en escena que inclúe tanto as pallas ardendo –casa de todo gran de cereal, en sentido estrito– coma a axuda do fume nos ollos.

Belidas

As belidas son pequenas manchas brancas que se forman na capa exterior da córnea. É dicir, son nubes ou cataratas oculares.

Nos seguintes ensalmos para curar as belidas, procedentes de Marín e Mugaros respectivamente, observamos unha mesma estrutura común. Nas dúas primeiras mostras danse curiosas interferencias e motivacións semánticas entre os termos referidos ao ollo e mais a agulla, que poderían explicar unha etimoloxía popular na que, ademais da crenza popular de Santa Lucía como avogosa da vista, podemos rastrexar a orixe das santas fiandeiras e a súa aplicación ás enfermidades oculares:

Miña Virgen Santa Lusía
tres ojos de plata tenía
con uno cosía, con otro bordaba
con otro tiraba las avenidas de los ojos
a quien las tenía.

Santa Lucía tres hijas tenía
una bordaba, otra quería
y otra quitaba las belidas a quien las tenía
non pola sabiduría
senón polo poder de seu padre e da Virgen María.

Como xa se indicou, o metaforismo propio das doenzas relaciona estas enfermidades oculares con animais ou fenómenos atmosféricos. Pénsese na denominación portuguesa *cabrita* como sinónimo da *névoa* ou belida dos ollos.

3.2. Doenzas dos animais

*Ras*³³

³³ Véxase Rohlfs (1979: 53-59) para comprobar a presenza da metáfora da ra noutros ámbitos lingüísticos e culturais, desde as linguas romances ata o alemán pasando polo grego e mais o búlgaro.

Outra das metáforas máis estendidas no campo das doenzas tradicionais é a que vincula a ra e outros anfibios con enfermidades bucais. Lembremos o termo latino *ranula*, que significa “pequena ra”, ou os equivalentes alemáns *Fröschlein* ou *Froschgeschwulst*, o francés *grenouillette* e mailo italiano *ranella* que tamén fan referencia a este anfibio.

Así en Marín reciben a denominación de *sapiños* e, segundo Pallares (1990: 280), en Paradela crese que este mal –denominado *sulengua*– está provocado pola inxestión duns escaravellos chamados *raus*. En Franqueán –onde lles chaman *arraos*– crese que se as vacas comen algún destes invertebrados inchan e acaban estoupando. A etimoloxía de *arrao* remite a ra cun *a* protético moi común en todo o territorio galego.

Figueiras

Neste caso estamos ante un termo motivado por unha denominación vexetal, feito moito menos común ca os nomes motivados por animais. Nalgunhas zonas de Galicia reciben este nome un tipo de verrugas que lles saen ás vacas no ubre.

A denominación quizais estea motivada por unha metáfora co aspecto exterior das verrugas, que no imaxinario popular puideron parecer semellantes a figos. Un vello costume de Franqueán consistía en pasarlle á vaca, polo ubre enfermo, a vasoira de varrer o forno e a partir dese día cambiarlle para sempre o nome que tivese por *Figueira*. Como xa se explicou, os nomes das enfermidades poden acabar convertidos nas denominacións dos propios remedios ou curadores e viceversa.

4. REMATE

Para rematar, queremos reiterar a importancia da palabra (ou do nome), dos textos de literatura de tradición oral (esconxuros, formulíñas infantís, refráns...) e dos xogos para a explicación dos nomes noa no eido dos animais, dos fenómenos da natureza e das doenzas. Como escribiu Alvar (1990: 298):

es del mayor interés que un lingüista se ponga en contacto con la vida material y espiritual del pueblo. Y mucho más, si ese pueblo es el suyo. Sólo así llegará a conocer el fondo creador que hay en el alma humana: su imaginación, su sentido poético, su ironía, su interpretación de los fenómenos de la naturaleza, sus temores, su religiosidad o su ingenio. Y la lengua ha sido la piedra de toque capaz de desvelarnos tantas sutilezas.

BIBLIOGRAFÍA

- Acuña Trabazo, A. (1999): “Do poder da palabra na poesía máxico-ritual de tradición oral: esconxuros e formulíñas infantís”. En Álvarez, R. e D. Vilavedra (1999: 23-40).
- Acuña, A. e J. L. Garrosa (2001): “Achegamento ó estudio comparativo dos nomes dos animais, das doenzas e doutros elementos relacionados coas crenzas en Galicia”. En Regueira, X. L. e A. Veiga (2001: 7-23).
- Alinei, Mario (1983): “Lo scricciolo ed altri animali magici in Italia: da “parole e cose” a “strutture di cose e di parole”. *Langue, dialecte, littérature. Études romanes à la memoire de Hugo Plomteux*. Leuven: University Pres, 21-83.
- _____ (1986): “Belette”. En *Atlas Linguarum Europae*, Commentaire VIII, Assen/Maastrich: Van Gorcum, 145-219.
- Alinei, M. e M. Barros (1986): “Les noms européens de la coccinelle: pour une analyse basée sur la théorie de Propp”. *Quaderni di Semantica* 2/86: 195-204.
- Alonso Montero, X. (1977): *Lingua, literatura e sociedade en Galicia*. Madrid: Akal.
- Alvar, M. (1990): *Estudios de geografía lingüística*, Madrid: Paraninfo.
- Álvarez, R. e D. Vilavedra (coords.) (1999): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor X. Alonso Montero*, T I, II, Santiago de Compostela: Universidade.
- Amades, J. (1963): “Prácticas mágicas para provocar la lluvia”. *Congreso Internacional de Etnografía*, Santo Tirso, Portugal, 300-310.
- Backmann, E. L. (1988): “Mary the keymaid”: *coccinella septempunctata*”. *Quaderni di Semantica*, 2/88, 331-345.
- Beccaria, G. L. (1995): *I nomi del mondo. Santi, demoni, folletti e le parole perdute*, Torino: Einaudi Editore.
- Bouza Brey, F. (1948): “Nombres y tradiciones de la “Coccinella Septempunctata” en Galicia”. *Cuadernos de Estudios Gallegos* X: 367-392.
- Calvo Martínez, J. L. e M^a. D. Sánchez Romero (1987): *Textos de magia en papiros griegos*. Madrid: Gredos.
- Caprini, R. (1989): “Ancora sui nomi della *coccinella septempunctata*”. *Quaderni di Semantica* 1/89: 5-11.

- Cortizo Amaro, J. L. (s.d.): *O ghallegho dos sete lughares (Avión)*, Ed. do autor.
- Coseriu, E. (1985): *El hombre y su lenguaje*. Madrid: Gredos.
- Cuba, X., X. Miranda e A. Reigosa (1999): *Diccionario dos seres míticos galegos*, Vigo: Xerais.
- Fernández Costas, M. (1952): “Juegos infantiles en la comarca de Tuy”. *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* VIII/4: 633-676.
- Fernández Oxea, X. R. (1951): “Cancionero y refranero de Corme”. *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* VII/3: 457-507.
- Fraguas Fraguas, A. (1965): “Algunos dichos y creencias acerca de los animales”. *Actas do Congresso Internacional de Etnografía*, Lisboa: Juntas de Investigações de Ultramar, 231-253.
- García, C. (1985): *Glosario de Voces Galegas de Hoxe*, Santiago de Compostela: Universidade.
- Garrosa Gude, J. L. (2000): “Aproximación a algunhas crenzas da parroquia de Franqueán (O Corgo-Lugo)”. *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 3: 51-57.
- Haug, W. e B. K. Wollmann (1991): *Früher Deutsche Literatur und Lateinische Literatur in Deutschland 800-1150*. Frankfurt am Main: Deutscher Klassiker Verlag.
- Lence Santar, E. (2000): *Etnografía mindoniense*. Santiago: Follas Novas.
- Llinares García, M. (1990): *Mouros, ánimas, demonios. El imaginario popular gallego*. Madrid: Akal.
- Maças, D. (1951): *Os animais na linguagem portuguesa*, Lisboa: Centro de Estudos Filologia.
- Masseti, Y. (1993): *Medicina e Cultura Popolare in Abruzzo tra Ottocento e Novecento*. Adelmo Polla Editore.
- Menéndez Pidal, R (1986¹⁰): *Orígenes del español*, Obras Completas, VIII, Madrid: Espasa Calpe.
- Montero Cartelle, E. (1981): *El eufemismo en Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Otero, A. (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Pallares López, M. R. (1990): *Vocabulario do concello de Paradela (Lugo)*. Lugo: Deputación Provincial.

- Pereiro Pérez, X. (1995): *Narracións orais do concello de Palas de Rei*. Santiago: Sotelo Blanco.
- Peuckert, W-E. (1983): “Folclore della volpe”. En *Quaderni di Semantica* 1/83: 33-57.
- Pires de Lima, F. de Castro (1947): “Nova contribución para o estudo das “afinidades galaico-portuguesas do cancionero popular”, Separata de *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* III/3º, 4º.
- Regueira, X. L. e A. Veiga (eds.) (2001): *Da gramática ó diccionario. Estudos de lingüística galega*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Riegler, R. (1981): “Zoonimia popolare”. *Quaderni di Semantica* 2/81: 325-361.
- Rielo Carballo, N. (1976): *Escolma de Carballedo*, Vigo: Castrelos.
- Riera, A. (1950): “Nombres de la mariquita”. *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XII/4: 227-253.
- Risco, V. (1947): “Creencias gallegas. Tradiciones referentes a algunos animales”. *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* III: 161-188.
- Rivas Quintas, E. (1978): *Frampas. Contribución al diccionario gallego*, Salamanca: Ceme.
- Rohlf, G. (1966): *Lengua y cultura*. Madrid: Alcalá.
- _____ (1979): *Estudios sobre el léxico románico*. Madrid: Gredos.
- Solla, C. (2005): *Almanaque de encantos. Mitoloxía da terra de Cerdedo*. Vigo: Cardeñoso.
- Taboada Cid, M. (1978): “Algunos aspectos de la vida material y espiritual de A Mezquita”. *Boletín Auriense* VIII: 107-166.
- Tobío Campos, L. (1985): *Colección de cantigas da Mahía*, A Coruña: O Castro.
- Vázquez Gallego, X. (1989): *Tradiciones, mitos y curanderismo en la medicina popular de Galicia*, Lugo: Diputación.
- Zelenin, D.K. (1988): “Tabù linguistici nelle popolazioni dell’Europa orientale e dell’Asia settentrionale”. *Quaderni di Semantica* 2/88: 187-317.